MEMORIA XUSTIFICATIVA LEI DE GARANTÍAS

A Lei 16/2003, de 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, regula os aspectos esenciais das prestacións sanitarias, como son os referidos ás garantías de accesibilidade, mobilidade, tempo de acceso, información, seguridade e calidade. A súa finalidade é asegurar aos cidadáns o dereito á protección da saúde, co obxectivo de garantir a equidade na liña de desenvolvemento do principio constitucional de igualdade, que garanta o acceso ás prestacións e desta maneira, o dereito á protección da saúde.

A lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, recolle no capítulo II do Título I, determinados dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, que se deberán concretar, mediante normas e instrumentos xurídicos, dirixidos, de forma primordial, a velar polo efectivo cumprimento dos dereitos, deberes e garantías sanitarias.

Este proxecto normativo que se presenta explicita estes dereitos e desenvolve os aspectos dos que serán os beneficiarios, ata onde se estende o dereito, cales son as exclusións e limitacións, o sistema de información, tanto para que a cidadanía os coñeza e poda exercelo como para o seguimento do seu exercicio por parte dos xestores.

Algúns dos dereitos que se recollen neste proxecto de lei xa existían no sistema sanitario pero dun xeito pouco organizado, cunha base xurídica anterior á lei 8/2008 de Saúde de Galicia o que impide que, de feito, a cidadanía galega podida facer uso deles. Neste terreo atopamos o dereito á segunda opinión ou ás instrucións previas. O que se recolle neste proxecto é unha actualización dos mesmos, sen que exista un custe adicional para o sistema.

Outros dos que se regulan neste proxectos supoñen unha auténtica novidade normativa, como a libre elección de profesionais asistenciais, pero que resultan de enorme actualidade por canto existen sentencias nas que se recoñece o dereito do cidadán a elixir o profesional que lle atende, a el ou a calquera membro da súa familia. O mesmo ocorre coa elección de centro hospitalario para intervencións cirúrxicas ou probas diagnósticas e/ou terapéuticas.

O sistema de información de tarxeta sanitaria, o nivel de extensión acadado polas tecnoloxías da información e comunicación (Historia clínica electrónica e receita electrónica), a creación das estruturas de xestión integrada e a xestión clínica introducida no sistema sanitario público de

xerencia.sergas@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 813 - Fax 881 540 307

Galicia permiten, sen custo adicional para o sistema, facer efectiva esta elección, nos termos nos que se recolle neste proxecto normativo.

O dereito a recibir asistencia sanitaria nun tempo máximo é un dereito recollido tanto na lexislación estatal como na autonómica.

Os pactos de xestión dos servizos centrais do SERGAS coas diferentes xerencias asistenciais, en función da prioridade do proceso que padeza o paciente, ten permitido unha sustancial mellora dos tempos de resposta, cun aumento da actividade dos quirófanos sen que isto supuxera un sobrecusto para o sistema.

O réxime actual de concertos con centros hospitalarios privados está a axudar na consecución dos obxectivos de mellora da asistencia aos/as usuarios/as do SERGAS.

Se, a pesares desta xestión, non se puidera atender aos compromisos, prevese o abono dos custos segundo os prezos públicos aprobados Normativamente.

Os custos de desprazamento que se contemplan, están xa regulados na Orde do 30 de marzo de 2001, pola que se regulan as prestacións por desprazamento previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998 do 15 de xaneiro, polo que este concepto non supón custo adicional. Indicar que esta Orde estase a modificar na actualidade para que a súa aplicación se axuste á realidade económica actual.

Por último, indicar que a Directiva 24/2011 UE del Parlamento Europeo e do Consello de 9 de marzo de 2011 relativa á aplicación dos dereitos dos pacientes na asistencia sanitaria transfronteriza, obriga aos servizos sanitarios públicos a establecer mecanismos para facilitar que os pacientes poidan buscar asistencia sanitaria se o seu Servizo de saúde non lla pode proporcionar en tempo e forma con dereito aos seu reintegro, nas mesmas contías que se a recibira no seu país de residencia.

Non obstante o anterior, o proxecto recolle mecanismos de salvagarda para aquelas circunstancias especiais nas que non se podan cumprir as garantías.

Polo tanto, o proxecto normativo que se presenta non é senón unha plasmación, en texto legal da xestión que se está a facer no SERGAS actualmente, a modo de declaración de principios, do mesmo xeito que a Comunidade autónoma de Galicia ten plasmado o límite de teito de gasto, obrigando así aos xestores a cumprir os seus obxectivos dentro do marco orzamentario correspondente.

Santiago de Compostela, a 14 de novembro de 2011

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Rocío Mosquera Álvarez

xerencia.sergas@sergas.es

www.sergas.es

Tel. 881 542 813 - Fax 881 540 307